

A CEA DAS LETRAS A Asociación de Escritores premia a Fundación Penzol polo seu labor e a Antonio Gamoneda como 'Escritor galego universal'

Cita o 30 de abril

A AELG fixo onte públicos os finalistas dos apartados de creación, elixidos polos seus socios

maré • Santiago


A a Fundación Penzol, institución que presidiu durante varias décadas Francisco Fernández del Reigo, recibirá este ano o premio especial da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pola súa contribución á divulgación da literatura galega. Ese será un dos galardóns que a asociación entregará na súa tradicional Cea das Letras, prevista para o vindeiro trinta de abril no hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela. Deses galardóns, que serán elixidos polos socios da AELG, só se fixeron públicos o da Fundación Penzol e o do Escritor Galego Universal, que recaeu en Antonio Gamoneda, "referente na defensa da dignidade humana" por "combinar a excelencia literaria co compromiso ético", segundo subliñou o xurado.

A asociación remitiu onte a lista dos finalistas en cada unha das modalidades nas que se divide o seu galardón, *Blog Literario*, traxectoria periodística, ensaio, narrativa, poesía, literatura infantil e xuvenil, teatro, ensaio e tradución. Galix colabora na elección da mellor obra de Literatura infantil, onde son finalistas *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto & Chinto, *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro, *O segredo de Marco Polo*, de Francisco Castro e *Suso Espada. Nota Roja*, de Francisco X. Fernández Naval. A outra entidade que colabora coa AELG nos galardóns é o Colexio de Xornalistas de Galicia, encargado de seleccionar tamén os finalistas na traxectoria periodística: Daniel Salgado, Fran P. Lorenzo, Iago Martínez e Ramón Nicolás.


O número de nomeados varía segundo os apartados. O de narrativa é o máis numeroso, con seis obras: *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Obediencia*, de Antón Lopo; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga, *Settecento*, de Marcos Calveiro; *Todo é silencio*, de Manuel Rivas, e *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas.

En poesía só se rexistraron tres finalistas: *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval; *Estremas*, de Ana Romaní, e *Retro(visor)*, de Antía Otero.


Tres son tamén os finalistas que aparecen nos apartados de teatro e mais de tradución. En teatro, trátase de *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo; *Cínicas*, de Teresa Moure e *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lorenzo. En tradución, aparecen Isaac Xubín por *Bilbao-New York-Bilbao* de Kirmen Uribe, Isabel Soto por *Lóbre-go Romance. Pálida Pantasma. As Len-*




Sede da Fundación Penzol na cidade de Vigo



Antonio Gamoneda xa é 'Escritor Galego Universal'



Fernández Naval é o único autor con dous nomeamentos



Anxo Tarrío é colaborador habitual de 'Galicia Hoxe'

das Espectrais de Malvadia de Jack Mircala, e Marga do Val por *Randea do alento* de Herta Müller.

Os blogs literario finalistas son Ferradura en tránsito (<http://xme-yre.blogaliza.org/>), de Xosé Manuel Eyré; O levantador de minas (<http://olevantadordeminas.blogaliza.org/>), de Alfredo Ferreiro, e Trafegando ronseis (<http://trafegandoronseis.blogspot.com/>), de Gracia Santorum e Xosé Anxo Fernández Alonso.

En ensaio, tres títulos: *A man que caligrafando pensa: do plástico-escritural e da manuscrita novoneyriana*, de Carlos Paulo Martínez Pereiro; *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero*, de Manuel Castelao; *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, de María Pilar García Negro. ●